



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

**Programación da materia
NOVAS TECNOLOXÍAS
APLICADAS Á MÚSICA
3º curso de Grao Profesional
Curso:2020-21**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Docentes: Fernando Buide del Real
Hugo Paradela Macía





Índice

| | |
|---|-----------|
| Introdución..... | 3 |
| 1 Metodoloxía..... | 6 |
| 2 Atención á diversidade..... | 6 |
| 3 Temas transversais..... | 8 |
| 3.1 Educación en valores..... | 8 |
| 3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC´s)..... | 9 |
| 4 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas..... | 9 |
| 5 Secuenciación do curso..... | 10 |
| Curso: 3º de Grao Profesional..... | 10 |
| 5.1 Obxectivos..... | 10 |
| 5.2 Contidos..... | 10 |
| 5.3 Avaliación..... | 12 |
| 5.3.1 Criterios de avaliación..... | 12 |
| 5.3.2 Mínimos esixibles..... | 12 |
| 5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación..... | 13 |
| 5.3.4 Criterios de cualificación..... | 14 |
| 5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula..... | 14 |
| 5.4 Medidas de recuperación..... | 15 |
| 5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios..... | 15 |
| 5.4.2 Procedementos de recuperación en que a avaliación continua non é posible..... | 16 |
| 5.4.3 Probas extraordinarias de setembro..... | 16 |
| 5.5 Recursos didácticos..... | 16 |
| 6 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica..... | 17 |
| 7 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento..... | 17 |
| 8 ANEXOS..... | 18 |
| 8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional..... | 18 |
| 8.2 Probas de acceso a outros cursos..... | 18 |
| 8.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao..... | 18 |
| 8.4 Situacións previstas para o curso 2020/21..... | 18 |
| 8.4.1 Adaptación a unha posible situación de ensinanza semipresencial..... | 18 |
| 8.4.2 Adaptación a unha posible ensinanza non presencial..... | 18 |
| 8.4.3 Plan de reforzo e recuperación..... | 19 |





Introdución

Contextualización

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela sitúase na cidade dende o ano 2004, cando foi construído. Depende da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e nel impártense as materias de Grao Elemental e Grao Profesional segundo a regulación vixente dentro do marco das ensinanzas de réxime especial de música.

As familias dos alumnos que realizan estudos no centro presentan moita heteroxeneidade sociocultural; maioritariamente proceden da cidade e da contorna máis próxima, e entenden os estudos musicais como complementarios con respecto aos seus outros estudos. Pero tamén hai presenza de alumnos da contorna máis afastada, que se desprazan para vir ao centro, e que moitas veces enfocan seus estudos musicais especificamente a conseguir unha titulación profesional, ás veces enfocada a emprender estudos superiores de música. Tamén se constata a presenza de estudantes da Universidade de Santiago que buscan no Conservatorio finalizar os seus estudos profesionais de música iniciados en outros centros. Todo isto provoca un certo grao de heteroxeneidade no alumnado do Conservatorio. Isto afecta especialmente ao presente Departamento de Fundamentos, pois súas materias impártense na etapa final do Grao Profesional, dende 3º ata 6º, período que coincide co paso dos estudos da ESO aos de Bacharelato e Universidade.

Neste contexto, o Conservatorio pretende responder ás necesidades formativas da cidade e da contorna de xeito aberto e integrador, contribuíndo á formación musical e artística integral do alumnado, axudando a que desenvolva súa capacidade crítica e súa autonomía persoal, que lle poidan prepara para posibles estudos posteriores.





Efectos da situación excepcional sobrevida no curso anterior pola covid-19

No curso pasado 2019-20 o desenvolvemento da actividade docente viuse afectado polo estado de alarma consecuencia do andazo provocado pola covid-19. Durante o 3º trimestre suspendéronse as actividades lectivas presenciais, e seguindo as instrucións recibidas, desenvolvéronse actividades telemáticas de repaso, recuperación ou reforzo da parte da materia xa impartida no período presencial. Sen embargo, na materia de Novas Tecnoloxías non terá incidencia ao non ter continuidade noutros cursos.

A materia de Novas Tecnoloxías

A incursión da tecnoloxía nas nosas vidas é tan intensa que provoca fortes modificacións tanto nos nosos actos cotiás domésticos, coma no ámbito laboral. Moitos son os produtos tecnolóxicos que manexamos a diario e que posibilitan o acceso ao coñecemento da tecnoloxía en grande medida, polo menos a nivel de usuario. A música é precisamente un contorno no que a tecnoloxía ten unha presenza profunda. Hoxe en día non se entende o fenómeno musical sen estar vinculado dalgunha forma a un dispositivo tecnolóxico; a experiencia da música gravada constitúe en si mesmo un proceso sumatorio de pasos, onde os avances tecnolóxicos van deixando a súa pegada.

No ámbito profesional o músico dependerá de variados e cruciais elementos tecnolóxicos que lle permitirán desde gravar a súa música, escoitala nun reprodutor portátil, manipulala nun ordenador, facer a súa propia distribución nun soporte que el elixa, etc... Os estudos de gravación profesionais convértense así nun centro de importancia onde o músico intérprete ou compositor desenvolverá gran parte do seu labor profesional. Xa que logo, resulta xustifico que se achegue á educación dun músico o coñecemento destes aparellos tecnolóxicos, atendendo a unha necesidade social que fai da tecnoloxía o contexto habitual do músico que se queira realizar como tal. Polo tanto os puntos importantes desta materia organízanse en tres piares formativos; por un lado, o que fai referencia ao ordenador, o seu hardware e o seu software –sobre todo o que ten que ver coa edición musical-, por outro lado o contorno



de estudo de gravación profesional –desde un punto de vista básico- ; e por último o coñecemento básico e tamén fundamental dos principios acústicos que rexen nos instrumentos e na propia execución tecnolóxica.

Esta materia posibilitará un maior afondamento no proceso tecnolóxico vinculado á música e tamén achegará ferramentas de gran produtividade ao alumnado que poderá usar e ampliar ao longo da súa formación musical.





1 Metodoloxía

Unha primeira apreciación é que o docente perde protagonismo como única fonte de saber e pasa a ter un papel de colaboración e axuda no descubrimento e o aprendizaxe dos coñecementos que levan a termo os alumnos. Isto supón que as relacións entre o profesorado e o alumnado e o propio alumnado tamén cambian. A perda de protagonismo do docente reflíctese nunha maior atención á diversidade e nunha maior colaboración e compañeirismo entre o alumnado. Utilizando estas ferramentas todos temos cousas que ensinar e aprender.

Outro aspecto remarcable é que o uso dos recursos tecnolóxicos estimulan o autoaprendizaxe de maneira informal e divertida. O alumnado cuestiónase máis o que fai en clase e o porque das respostas que teñen unha aplicación e repercusión inmediata. Ademais a inmediatez de resposta das ferramentas potencia a autocorrección daquello que se está facendo favorecendo a experimentación e o descubrimento do coñecemento.

A propia estrutura de funcionamento do ordenador provoca que no método de traballo do alumnado prodúzanse melloras derivadas dos hábitos de traballo inherentes ao seu uso. Necesariamente os estudantes han de planifica-las tarefas e escoller de forma ordenada as rutinas que levarán a termo, en consecuencia as súas actitudes de traballo gañan en organización, autonomía e independencia.

Cando se utiliza o ordenador tamén reciben cultura tecnolóxica que pode ser extrapolable a outras áreas do currículo.

2 Atención á diversidade

O tema das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino dos conservatorios. Debido ao carácter voluntario de este tipo ensinanzas para o alumnado e ó seu carácter orientado cara a profesionalización, a





atención ao alumnado con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe afróntase de un xeito distinto do ensino obrigatorio. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa galega, cada alumno é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan igual, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica. Se facemos una aproximación máis concreta ao concepto, hai alumnos que requiren unha atención máis específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aqueles que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de evolucionar cara á autonomía persoal e á integración social cós medios dos que dispoñemos habitualmente e que “requiren determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta “(LOE, artigo 73, sección primeira, título II).

Así mesmo a LOE no Capítulo dedicado á equidade na educación (Título II, Capítulo I, Artigo71), refírese a este tipo de alumnado, e enuméranse unha serie de principios relacionados có tema:

1. As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos con carácter xeral nesta lei.
2. Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.
3. As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado ao que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio





educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

4. Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou tutores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

Realizar unha clasificación das necesidades educativas especiais é moi complexo debido á amplitude do ámbito que queremos delimitar. Unha posible clasificación sería a que se centra nas causas de esas necesidades e na súa localización:

- Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias)
- Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos)
- Dificultades debidas a desordes de personalidade (algún tipo de trastorno mental tratable como a esquizofrenia)
- Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas)
- Deficiencias debidas un déficit ou superdotación intelectual.

3 Temas transversais

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

3.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia





identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio. A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E o é porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a translación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade. A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado. Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber de non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e comunicación (TIC's)

Este é un tema fundamental e do que trata a propia materia.

4 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Asistencia a concertos e actividades desenvolvidas no conservatorio xa sexan no centro ou fora del. Calquera actividade adaptárase ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación condicionada pola covid-19.



5 Secuenciación do curso

Curso: 3º de Grao Profesional

5.1 Obxectivos

- 1) Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.
- 2) Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.
- 3) Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.
- 4) Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio e video dixital.
- 5) Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e gravación usados nos estudos especializados.
- 6) Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os contornos de tratamento de audio (analóxico e dixital) e vídeo dixital.
- 7) Entender os conceptos básicos da acústica e as súas aplicacións en diferentes contornos, tanto nos instrumentos como na informática musical.
- 8) Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.

5.2 Contidos



- O ordenador. Os seus principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.
- Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparellos musicais en xeral.
- O midi e o audio dixital.
- O MP3 e outros formatos de compresión.
- Editores de partituras. Editores de audio dixital.
- Editores de Video dixital.
- Secuenciadores e outras ferramentas integrais.
- Os estudos de gravación. Dispositivos de gravación. Dispositivos de reprodución.
- Introducción á acústica xeral.
- Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

Primeira Avaliación

Unidad 1. Conceptos básicos relacionados coa informática en xeral

Unidad 2. Edición de partituras cun software

Unidad 3. Conceptos básicos de MIDI

Unidad 4. Secuenciación MIDI

Segunda Avaliación

Unidad 5. Hardware musical

Unidad 6. Software musical. Edición e Gravación. 1

Unidad 7. Software musical. Edición e Gravación. 2

Terceira Avaliación

Unidad 8. Audio Dixital 1

Unidad 9. Audio Dixital 2





Unidad 10. Creación de proxectos con video e audio dixital.

5.3 Avaliación

Realizarase unha avaliación continuada con **una proba trimestral** ou a entrega dun traballo referido aos contidos abordados nese trimestre tendo en conta os seguintes criterios:

5.3.1 Criterios de avaliación

Realizar exercicios e traballos de transcripción no editor de partituras musescore.

Realizar exercicios e traballos de edición e gravación a nivel básico cun editor de audio (Audacity).

Identificar as partes xerais do interior dun ordenador.

Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador.

Describir o funcionamento dos principais aparatos que integran un estudo musical profesional.

5.3.2 Mínimos esixibles

Coñecemento básico das partes do ordenador

Coñecemento básico do funcionamento dun sistema operativo.

Coñecemento básico do entorno MIDI

Coñecemento básico dos formatos audio.

Coñecemento básico do funcionamento dun secuenciador

Coñecemento básico da edición e gravación dixital.

Secuenciación dos contidos mínimos

Primeiro trimestre: Coñecemento básico do funcionamento do funcionamento dun ordenador e dun editor de partituras (MuseScore). Capacidade de empregalo para transcribir fragmentos de partituras.





Segundo trimestre: Coñecemento básico do hardware e software musical. Capacidade de empregarlos en traballos.

Terceiro trimestre: Coñecemento básico do audio dixital. Capacidade para empregarlo en traballos de video e audio dixital.

5.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Ao comezo do curso, no horario de clase, realizarase unha **avaliación inicial** que permita valorar os coñecementos previos do alumno. Así poderíanse abordar ou afianzar aqueles contidos no que o alumno non ten unha correcta base; este procedemento tamén podería completarse co traballo en titorías para aqueles alumnos con carencias máis fondas. Nesta avaliación se preguntará ademáis aos alumnos se teñen problemas de conexión telemática, para ter en conta no caso de que se producise un escenario semipresencial ou non presencial derivado da COVID-19.

Técnicas de observación como ferramenta básica para avalialo comportamento, a conduta, as destrezas e as habilidades. Poderémonos servir dos cuestionarios sobre hábitos e condutas, entrevistas e informes persoais.

Utilización de dous tipos de ferramentas: **informes persoais** para descubrir o que os alumnos saben e **probos obxectivos** para coñecer cal é o grao de coñecementos informáticos que teñen os alumnos.

Elaboración de traballos referentes aos contidos plantexados para o curso.

Ademais das probas obxectivas e os traballos, poderemos servirmos dos **cuestionarios de observación sobre os hábitos de traballo, actitudes, intereses e disposicións en relación ás manifestacións musicais e o uso do ordenador**. Evidentemente, tamén se fará unha **valoración individual e colectiva das propias producións** e elaboracións musicais, tanto en soporte papel pautado como nos arquivos que os alumnos irán deixando nos soportes informáticos. Os resultados das probas e valoracións nos permitirán controlar e regular a marcha do proceso de aprendizaxe.





Para rematar, propómo-la **propia autovaloración das producións musicais e videográficas do alumnado**, tanto as de carácter pautado como libre. Esta valoración farase a través da audición, visionado e análise por parte do propio alumnado, axudado se é necesario polo profesorado, das actividades levadas a remato. Desta maneira o alumnado e o profesorado poderán coñecer e valora-la súa propia evolución no proceso de aprendizaxe.

Para rematar, propómo-la **propia autovaloración das producións musicais e videográficas do alumnado**, tanto as de carácter pautado como libre. Esta valoración farase a través da audición, visionado e análise por parte do propio alumnado, axudado se é necesario polo profesorado, das actividades levadas a remato. Desta maneira o alumnado e o profesorado poderán coñecer e valora-la súa propia evolución no proceso de aprendizaxe.

5.3.4 Criterios de cualificación

Terán un formato teórico – práctico. A parte teórica poderá ter un formato “test” ou de pregunta curta a criterio do profesor e dos contidos teóricos – prácticos estudados.

Tamén se **elaborarán traballos** ao longo do curso que poderán ser esixidos antes de cada avaliación.

A ponderación para obter a nota por trimestre será:

- traballos: 60%
- participación e actitude: 40%

5.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

1. O alumnado que desexe ampliar matrícula realizará unha proba extraordinaria de coñecementos. Dita proba consistirá na realización dun traballo audiovisual.

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de NT.





As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

5.4 Medidas de recuperación

Contemplase a recuperación tanto no desenvolvemento do curso como no mes de setembro se non se tivo superada a materia no mes de xuño.

5.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

Na proba da segunda avaliación inclúranse aspectos da primeira, e na proba da terceira avaliación inclúranse aspectos da primeira e segunda avaliación para que poidan recuperalas aqueles que non a teñan superado ao longo do curso. Ademais o profesor pedirá **elaboración de traballos** relacionados cos contidos da materia, que serán presentados antes de cada avaliación coas condicións que o profesor estableza. Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas Normas de Organización e Funcionamento vixentes, o alumno/a perde o dereito á avaliación continua, dito alumno/a terá dereito a realizar unha proba específica, marcada en data e no mesmo horario de clase, na que se avalíen obxectivamente os seus coñecementos a efectos da superación da materia.





5.4.2 Procedementos de recuperación en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos. Será o profesor o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre. A proba consistirá nun exame que incluírá todos os contidos do curso.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os mesmos que os da proba ordinaria.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

5.4.3 Probas extraordinarias de setembro

No mes de setembro realizarase unha proba para supera-los contidos da materia. A proba poderá constar de un ou máis dos seguintes exercicios:

Elaboración dun proxecto de gravación de audio dixital

Elaboración dun proxecto de gravación e edición de video dixital

Edición dunha partitura cun editor de partituras.

Proba teórica formato test u pregunta curta.

Presentación de traballos requeridos polo profesor.

5.5 Recursos didácticos

Aula de informática con Ordenadores compatibles PC.

Programas informáticos axeitados.





6 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Consistirán nunha avaliación continua por parte do profesor da especialidade da programación didáctica, rexistrando as posibles incidencias e variacións na mesma no caso de presentarse. Ademais nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición levarase a cabo un seguimento da programación co mesmo fin.

7 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

Nas reunións do Departamento de Fundamentos de composición acordaranse as medidas oportunas de avaliación necesarias para o correcto funcionamento do mesmo; trataranse conxuntamente co seguimento da programación.

8 ANEXOS

8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Non se contempla nesta materia

8.2 Probas de acceso a outros cursos

O alumnado que desexe participar nas probas que anualmente se convocan para acceder aos diversos cursos do grao profesional deberán demostrar o seu dominio da materia de NT.





8.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao

Non se contempla nesta materia

8.4 Situacións previstas para o curso 2020/21.

8.4.1 Adaptación a unha posible situación de ensinanza semipresencial

Este caso darase se aparecen casos de covid. No referido caso dotaránse os medios necesarios para comunicarse por videoconferencia.

8.4.2 Adaptación a unha posible ensinanza non presencial

(todo o alumnado desenvolvendo a materia na casa)

Os mínimos esixibles serán os referidos no punto 5.3.2. As probas en lugar de ser escritas de forma presencial serán traballos que se enviarán via telemática cun límite de tempo establecido para ser completados. En todo caso se seguirán as indicacións das autoridades.

8.4.3 Plan de reforzo e recuperación

Proporanse clases de reforzo, tanto presenciais como telemáticas no caso da apreciar que aprendizaxes imprescindibles non foron adquiridas no curso 2019/20.